

CM Emerxencias sanitarias

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Executar as actividades de traslado do paciente ao centro sanitario, prestar atención básica sanitaria e psicolóxica no contorno prehospitalario, levar a cabo actividades de teleoperación e teleasistencia sanitaria, e colaborar na organización e no desenvolvemento dos plans de emerxencia, dos dispositivos de risco previsibles e da loxística sanitaria ante unha emerxencia individual ou colectiva, ou unha catástrofe.

En que ámbitos se traballa? No sector sanitario público ou privado relacionado co traslado de pacientes ou vítimas, e a prestación de atención sanitaria e psicolóxica inicial, coa colaboración na preparación e no desenvolvemento da loxística sanitaria ante emerxencias colectivas ou catástrofes, así como participando na preparación de plans de emerxencia e dispositivos de risco previsible do ámbito da protección civil.

Que ocupacións se desempeñan? Técnico/a en transporte sanitario, técnico/a de emerxencias sanitarias, operador/a de teleasistencia, operador/a de centros de coordinación de urxencias e emerxencias.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas	107
1º	MP0058	Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia	53
1º	MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia	266
1º	MP0054	Dotación sanitaria	107
1º	MP0062	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0053	Loxística sanitaria en emerxencias	160
1º	MP0052	Mantemento mecánico preventivo do vehículo	80
1º	MP0060	Teleemerxencias	80
2º	MP0056	Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia	227
2º	MP0063	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0057	Evacuación e traslado de pacientes	245
2º	MP0064	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0059	Plans de emerxencias e dispositivos de riscos previsibles	105

Nota: os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

Que título se obtén? Técnico en emerxencias sanitarias.

Que unidades de competencia se acreditan? A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0052 Mantemento mecánico preventivo do vehículo.	UC0069_1 Manter preventivamente o vehículo sanitario e controlar a súa dotación material.
MP0054 Dotación sanitaria.	
MP0053 Loxística sanitaria en emerxencias.	UC0360_2 Colaborar na organización e no desenvolvemento da loxística sanitaria en escenarios con múltiples vítimas e catástrofes, asegurando o abastecemento e a xestión de recursos e apoiando os labores de coordinación en situacións de crise.
MP0055 Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia.	UC0070_2 Prestarlle ao paciente soporte vital básico e apoio ao soporte vital avanzado.
MP0056 Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia.	
MP0055 Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia.	UC0361_2 Prestar atención sanitaria inicial a múltiples vítimas.
MP0057 Evacuación e traslado de pacientes.	UC0071_2 Trasladar o paciente ao centro sanitario útil.
MP0058 Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia.	UC0072_2 Aplicar técnicas de apoio psicolóxico e social en situacións de crise.
MP0059 Plans de emerxencias e dispositivos de riscos previsibles.	UC0362_2 Colaborar na preparación e na execución de plans de emerxencias e de dispositivos de risco previsible.

Que módulos profesionais se validan? A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0069_1 Manter preventivamente o vehículo sanitario e controlar a súa dotación material.	MP0052 Mantemento mecánico preventivo do vehículo. MP0054 Dotación sanitaria.
UC0070_2 Prestarlle ao paciente soporte vital básico e apoio ao soporte vital avanzado.	MP0055 Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia. MP0056 Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia.
UC0071_2 Trasladar o paciente ao centro sanitario útil.	MP0057 Evacuación e traslado de pacientes.
UC0072_2 Aplicar técnicas de apoio psicolóxico e social en situacións de crise.	MP0058 Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia.
UC0360_2 Colaborar na organización e no desenvolvemento da loxística sanitaria en escenarios con múltiples vítimas e catástrofes, asegurando o abastecemento e a xestión de recursos e apoiando os labores de coordinación en situacións de crise.	MP0053 Loxística sanitaria en emerxencias.
UC0361_2 Prestar atención sanitaria inicial a múltiples vítimas.	MP0055 Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia.
UC0362_2 Colaborar na preparación e na execución de plans de emerxencias e de dispositivos de risco previsible.	MP0059 Plans de emerxencias e dispositivos de riscos previsibles.